



“A LOITA É O ÚNICO CAMIÑO”

Pasados pouco máis de seis meses da sinatura do Expediente de Regulación e do Convenio, os traballadores vivimos unha situación peor que a anterior ás sinaturas.

O feito de que os asinantes non lle plantasen cara ás pretensións da empresa levounos a unha situación de debilidade e entreguismo que prexudica a todo o persoal.

As condicións de traballo están a retroceder. As modificacións de quendas e horarios, as reestruturacións organizativas, moitas delas saltándose a Normativa Laboral, o non respecto ás funcións das categorías laborais, ou o peche de centros como o de Buitrago, as Costeiras, etc., están a ser prácticas agresivas e cotiás da Empresa que son apoiadas por unha maioría do Comité Intercentros ostentado por CC.OO. e U.G.T. en clara colaboración coa patronal.

O proceso pactado de negociación permanente, con numerosas comisións abertas nas que se toman decisións de calado que afectan a todos, agrava moito máis a perda de dereitos que implica o convenio, posto que, ese modelo de negociación escapa do control necesario e da participación democrática de todos os traballadores.

Máis aló destas prácticas e doutras que afectan a todo o persoal temos que denunciar tamén a persecución de todos aqueles que teñen ou van cumprir 52 anos para que se vaian, e o sistema cuarteleiro implantado en comercial.

Resaltar como un tema grave as segregacións que, como as dos Teléfonos de Uso Público TUP, se fan xustificándose na falta de persoal para manter o servizo. Mais non só aborda a segregación de actividade. De maneira enganosa estase a traballar para pasar a compañeiros de Telefónica de España S.A.U. a T. Empresas querendo reabrir o proceso que xa quedou pechado coas mobilizacións de 2002 e 2003 das áreas de T. Gestiona, Loxística e Inmobiliario, cuxo persoal segue en T.E.S.A.U. tal como reivindicamos.

Os sindicatos que subscribimos este comunicado rexeitamos frontalmente a política da empresa e a dos seus colaboradores sindicais, apoiamos as respostas que se están a dar polos traballadores máis agredidos pola empresa, como nos casos dos call-center de Zaragoza e Bilbo que fixeron folga o 10 de novembro cunha resposta do 97% do persoal dos centros afectados, realmente unha folga con moito éxito. De idéntica maneira pasou na folga que se convocou o 24 do mesmo mes en Barcelona. Respostas parecidas estanse a dar coa aplicación do plan P.I.A. que mestura categorías, quendas, funcións, etc.

Estas loitas seguen a ser moi importantes, necesitan dunha resposta de todo o persoal, porque a agresión é para todas as categorías e para todos os departamentos, atopándose en perigo os postos de traballo e as condicións laborais.

A esta situación temos que darlle a volta entre todos e todas e iso require un debate a fondo sobre a problemática que atravesamos, reivindicando os seguintes eixes que nos permitan planificar as mobilizacións de carácter xeral:

- O cesamento das agresións da empresa.
- A paralización das segregacións.
- Incremento dos postos de traballo necesarios para garantir un servizo de calidade aos clientes, debate no que debe participar o cadro de persoal.
- Pola continuidade da empresa e contra a destrución de emprego.

Resolveremos os problemas e garantiremos o futuro da Empresa e do cadro de persoal na medida en que todos os traballadores abordemos con unidade e decisión a loita en resposta, mais tamén respondendo colectivamente ás agresións que contra todos está a exercer a Empresa.

É hora de mirar o futuro.

É hora de loitar por el.

Fan falta máis traballadores e sobran directivos especuladores.

Preparemos un bo calendario para os próximos meses polo futuro de todos e todas.

A loita é o único camiño

Burgos, xaneiro de 2004